



# **PROXECTO**

# **LECTOR**

## ***APARTADOS:***

- 1.- Xustificación: necesidade e fundamento legal.
- 2.- Características.
- 3.- Obxectivos.
- 4.- Campos de intervención e estratexias.
- 5.- Avaliación

## 1.- XUSTIFICACIÓN

Desde hai anos, vimos constatando que o meirande problema co que nos atopamos os docentes é a falla de hábito de lectura dos nosos alumnos, aos que cada vez lles costa máis ler calquera texto e non digamos xa comprendelo, distinguir o importante do secundario ou anecdótico, ou explicar dun xeito coherente e preciso as súas ideas e opinións, que tampouco poden ter moita coherencia, cando lles faltan os instrumentos necesarios para construílos.

Isto, xunto a outras carencias (hábito e disciplina de traballo, esforzo ou sacrificio), fai realmente difícil o labor do ensinante.

Para paliar esta situación, a Administración Educativa prevé a elaboración e posta en práctica dun **proxecto lector**. Así o Decreto 133/2007 do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, establece que *“os centros educativos deberán elaborar e incluír nos seus proxectos educativos de centro, proxectos lectores que integren todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias básicas, e máis adiante, “O proxecto lector de centro será a referencia para a elaboración de programas ou plans anuais de lectura, que se incluírán na programación xeral anual. O seu deseño e posta en marcha son competencia de todo o equipo docente”*

## 2.- CARACTERÍSTICAS:

**Realista:** o esencial é facer un proxecto que se poida levar a cabo (de nada vale un proxecto moi ambicioso se logo é inviable)

**Consensuado e coa participación de todos:** se todos somos conscientes do problema de base e queremos resolvelo, témonos que implicar colectivamente. As disciplinas non especificamente lingüísticas teñen que resaltar que, sen competencia lingüística, dificilmente se pode comprender ben ningunha materia.

**Flexible:** os departamentos integrarán o proxecto lector na programación da súa asignatura da maneira que consideren máis axeitada e, periodicamente, verase se é necesario facer modificacións.

## 3.- OBXECTIVOS:

- Formar lectores competentes que sexan capaces de comprender axeitadamente os textos (todo tipo de textos e en todo tipo de soportes e linguaxes), de distinguir o importante do anecdótico, de elaborar un pensamento crítico, de expresar con aceptable coherencia, precisión e exactitude as súas ideas e opinións; acceder á información e ser quen de avaliala, clasificala, organizala e aplicala, etc. En definitiva, o que se considera *competencias básicas*.
- Crear hábitos de lectura.
- Conseguir que a lectura sexa fonte de pracer, atractiva e opción a ter en conta para o seu tempo de ocio.

## 4.- CAMPOS DE INTERVENCIÓN E ESTRATEXIAS

### A) Situación de partida. Análise ou avaliación inicial

Mediante enquisas, conversas e observación directa, non nos será difícil saber quen le, o que le e cando le. Para este labor debe ser fundamental o traballo dos titores e do Departamento de Orientación, e a colaboración imprescindible de todo o profesorado.

A experiencia fainos presumir o que imos atopar:

- Unha porcentaxe significativa non le nunca, salvo cando se ven obrigados para o exame
- un grupo non moi significativo, le as recomendacións do profesor que están suxeitas a avaliación.
- Un número moi reducido len a diario, disfrutan coa lectura, comprenden o que len, e, consecuentemente, saben expresar os seu pensamentos.

Evidentemente, os que non len:

- Non saben escoitar.
- Teñen un insuficiente dominio mecánico. Tampouco entenden o que len.
- A súa expresión oral e escrita é moi deficiente: o seu vocabulario é escasísimo
- Amosan unha evidente pasividade intelectual.

Haberá, pois, que empregar distintas estratexias segundo a situación de partida e tentaremos proporcionar unha atención individualizada a cada alumno.

Esta falta de hábitos de lectura e de apatía intelectual reflíctese, evidentemente, na súa actuación á hora de buscar, clasificar, avaliar e aplicar a información de Internet. Todos escoitamos, e sabemos por experiencia, que un elevado número de alumnos se dedican, cando se lles manda elaborar un traballo que precise información da Rede, a “cortar e pegar”.

É por iso que o Proxecto Lector debe contar cos instrumentos necesarios para:

- Efectuar unha busca exacta e precisa.
- Clasificar a información acadada.
- Avaliala.
- Aplicala axeitadamente ao traballo que se quere realizar.

## B) Desenvolvemento e dinamización da Biblioteca

- Formación de usuarios: visita obrigada dos grupos co titor para que todos os alumnos do centro coñezan ben o local da biblioteca, a distribución dos espazos, que clase de documentos poden atopar nela, como se localizan... O equipo da biblioteca debe coordinar estas visitas e ocuparse das explicacións necesarias. De calquera xeito, tamén sería conveniente que os profesores das distintas materias levaran os seus alumnos para amosarlles os materiais que poderían consultar de cada disciplina e para que temas ou aspectos concretos, etc.
- Hai que adecuar os fondos bibliográficos ás necesidades do alumno nas distintas etapas educativas.
- A Biblioteca debe actuar ademais como axente de compensación social ofrecendo aos usuarios a posibilidade dun acceso igualitario e eficiente aos bens culturais e aos seus recursos.
- Dinamización da biblioteca desde a aula: serán os distintos departamentos e profesores os que creen a necesidade de que os alumnos teñan que frecuentar a biblioteca para solicitar libros, artigos de revistas, información dixital... Isto é algo fundamental para que poida funcionar o proxecto lector.
- Dotala de recursos axeitados para os alumnos con necesidades educativas específicas: non se busca simplemente integrar ao alumnado mediante recursos e materiais adecuados, senón facer fincapé no grupo en xeral, tamén protagonista neste proceso, que require unha atención especial para evitar discriminacións, prexuízos e illamentos dos alumnos con máis dificultades. De aí que o punto de partida sexa a procura de puntos en común, coma as tecnoloxías, a música, o cine, o cómic... dentro dun ambiente cooperativo que esixe a colaboración de todos.
- A páxina WEB, en continuo e ininterrompido proceso de formación, proporcionará datos culturais de todas clases: non só información bibliográfica (con enlaces ás distintas bibliotecas e outros organismos coma os museos), senón tamén:
  - ~ Poemas ou reflexións do día ou da semana.
  - ~ Enlaces aos diarios dixitais.
  - ~ As noticias do día.
  - ~ Efemérides: *tal día coma hoxe*.
  - ~ Curiosidades.
  - ~ Explicación dos nomes dos días da semana e dos meses do ano en distintas linguas.
  - ~ Orixe do calendario, división e denominación das estacións nas distintas linguas e civilizacións.
  - ~ Personaxe de hoxe (semana ou mes)
  - ~ Recursos educativos na rede.
  - ~ Refraneiro.
  - ~ Paneis informativos: novidades, reseñas, recomendacións.
  - ~ Actividades programadas.

- ~ Lecturas recomendadas: libro da semana ou do mes.
- ~ Reseñas de libros de actualidade.
- ~ Fulano (alumno, profesor...) recomenda...
- ~ O libro da miña vida: despois dunha enquisa entre alumnos e profesores (cal foi o libro que máis os impresionou e por que), elaborárase unha lista para adquirir as obras que aínda non estean no catálogo e un panel cos libros e notas dos profesores que os recomendaron.
- ~ Un curruncho para os clásicos.
- ~ A película da semana.
- ~ Enlaces a vídeos ou música.
- ~ Unha obra de arte comentada por semana ou mes.
- ~ Habilidades necesarias:
  - . Como se cita a bibliografía
  - . Proceso de elaboración dun traballo
  - . Uso seguro das tic
  - . Como se elabora un *curriculum vitae*
  - . Técnicas de estudo
  - . Etc.
- O periódico: pódese ler en internet e establecer que é o que teñen que buscar seguindo a recomendación dos departamentos ou profesores. Interesa que as actividades de busca de información e outras lecturas teñan, dalgún xeito, o seu reflexo na nota.
- Lectura en público .
- Semanas ou meses temáticos :
  - ~ seguir o calendario das distintas celebracións; por exemplo:
    - . **Defuntos**: todo o relacionado co mundo de ultratumba: arte, literatura, cine... (**a semana do terror**).
    - . **Nadal**: o solsticio de inverno: arte, música, literatura, cine...
    - . **O carnaval**, que no IES Canido sempre é temático.
    - . **San Valentín**: poemas e historias de amor (na mitoloxía clásica, por exemplo).
    - . **O día da muller traballadora**: actividade que contribúan á visibilización da muller na sociedade, así como a detectar actitudes sexistas no mundo que nos rodea, promocionando instrumentos que permitan unha visión do mundo afastada de estereotipos.
    - . O tema da **primavera** ...
    - . **Semana santa**: arte, literatura, mitoloxía, relixión...
- A novela negra e de intriga (**detectives de novela**: Poirot, Maigret, Holmes... ,casos célebres e películas desta temática) histórica, ciencia ficción, ...
- O cómic.
- Teatro.

- Lectura e cinema. Non se trata de competir co audiovisual, hai que integralos.
- Tradición oral: narración e recitado en público. Gravación.
- Léxico e semántica: xogos en torno á palabra, ciclos de etimoloxías curiosas, de Mitoloxía e Arte... (que proponían os departamentos e fagan unha visita cos alumnos para que busquen información).
- Reseñas de artigos de publicacións periódicas (revistas) que os departamentos consideren de interese.
- Bibliotecas virtuais.
- Potenciar a compra e regalo de libros.
- Estimular a imaxinación: que escriban algo sobre un tema determinado. Concursos.
- Lectura e información en todo tipo de soportes e textos.
- Concurso de localizar nos textos palabras, personaxes (de quen falamos?), etc., mediante pistas que han de ir rastrexando.

***Non se trata de levar a cabo todas estas actividades, senón de expoñer algunhas ideas que se poden ter en conta á hora de elaborar o Plan Anual de Lectura.***

### C) Na clase

Pensamos que é o lugar fundamental para impulsar o Proxecto Lector: os alumnos van ler se os profesores lles mandan, lles indican que lecturas (nos distintos soportes, linguas e linguaxes) e lles incentivan dalgún xeito esta actividade.

Os departamentos deben indicar na programación da súas materias de que xeito van contribuír ao Proxecto Lector.

Deberán asimesmo –aínda que non ten por que ser ao comezo do curso– indicar cales serán as lecturas recomendadas trimestralmente para os distintos cursos e grupos, e como comprobarán se os seus alumnos seguiron estas recomendacións e con que proveito.

- Todas as materias dedicarán un tempo mínimo (*25 minutos cada 15 días*) que cada profesor verá de encaixar na súa materia.
- Estratexias de comprensión lectora: como seleccionar os libros de lectura (autónoma, guiada). *Atención á diversidade*.
- Facelos pensar e falar: estimular aos máis reticentes a dar a súa opinión.
- Discutir e esmiuzar os textos.
- Bibliotecas de aula que se renovarán periodicamente.
- Coordinación: hai que evitar caer no exceso ou na reiteración. O titor deberá coordinar as recomendacións dos profesores e esixirá que cada alumno dispoña dun caderniño coas lecturas que vai facendo e que debe revisar ao menos trimestralmente.
- Ler nas titorías e gardas.
- Utilizar o periódico tal e como indicamos para a dinamización da biblioteca.
- Facer o mesmo con artigos de outras publicacións que deben estar referenciados no ficheiro da biblioteca.

### D) Na casa

Obviamente este é o noso obxectivo fundamental: que os alumnos disfruten coa lectura, que a teñan como opción prioritaria para o seu tempo de lecer. A partir de aí conseguiranse todos os outros obxectivos. Serán lectores competentes.

Tentaremos conseguir a implicación das familias: na primeira reunión cos pais, a Dirección do centro insistirá na necesidade de que estimulen a lectura nos seus fillos, da transcendencia que ten para a boa marcha dos estudos... E o mesmo deben facer os titores en todas as entrevistas que manteñan cos pais dos seus titorados.

Antes das vacacións, o titor, tendo en conta as recomendacións dos profesores e as preferencias dos alumnos, acompañaraos á biblioteca para que recollan os libros que van ler neses días sen clase.

Recordaráselles tamén que na Web da biblioteca dispoñen da información necesaria para que poidan solicitar calquera obra nas bibliotecas públicas, se é que o centro estivese pechado.

## **5.- AVALIACIÓN DO PROXECTO**

A avaliación do Proxecto Lector debe ser tamén tarefa de todo o profesorado. Cada departamento, na súa memoria de xuño, informará dos obxectivos acadados: competencia comunicativa, estratexias no uso da información, seguimento das recomendacións de lectura...

A Dirección e o equipo da Biblioteca deben informar da dinamización cultural conseguida no centro así como do uso que os alumnos fixeron dos distintos recursos postos ao seu alcance, e o grao de compromiso dos membros dos diferentes sectores: pais, profesores e alumnos.

Finalmente, unha enquisa entre os propios alumnos e os caderniños recollidos polos titores proporcionaranos os datos necesarios para poder elaborar o Plan Anual de Lectura para o ano seguinte e abordar as modificacións que se consideren necesarias neste Proxecto Lector de Centro.